

Igor LUGRÍS e Eduardo Estévez remexen artes e xéneros na galería Sargadelos

Poesía e imaxe únense nun proxecto que se pode ver na sala ferrolá ata finais de mes

O escritor Eduardo Estévez expón por primeira vez as súas fotografías, nunha mostra que onte se inaugurou na galería Sargadelos e que conta tamén cos carteis-poema de Igor LUGRÍS. En ámbolos dous casos a poesía desencadena un orixinal proceso creativo.

M.-J. RICO • FERROL

■ Igor LUGRÍS traballa por desbolar calquera prexuízo sobre a poesía e achega a súa palabra e a doutros escritores (entre eles, tamén Estévez) a outras linguaxes. Os seus poemas son carteis que misturan fotografías, publicidade, cómic, música e todo tipo de iconos para “achegar a poesía a novos públicos e a novos formatos”. Ademais, os cadros pódense pendurar de calquera parede, muro ou parada de autobús, cumprindo cunha idea moi participativa da arte e, en concreto, da poesía. Trárase de que a xente poida “ver algo que lle interese, non esa cousa aburrida, académica e enclaustrada”. Tamén é unha forma de reivindicar a idea de que a literatura “pertencen a todos”, nunha postura “contraria ós dereitos de autor”.

Tamén a poesía está no cerne das fotografías de Eduardo Estévez. El tiña unha colección de poemas, “Os veos da paisaxe”, gardada no caixón ata que eses mesmos versos inspiraron unha serie de fotografías. O desencadeante foi o que vía desde o coche cando reali-



LUGRÍS e Estévez, onte, na sala de exposicións da galería Sargadelos de Ferrol

DANIEL ALEXANDRE

PINTURA

Os cadros—case sempre retratos—cheos de luz e de cor de Josefina Pita amósanse na antesala

zaba periodicamente a viaxe entre Santiago e As Pontes. Os neboentos pasos por Xermade foron o primeiro impulso para unhas fotografías que xogan cos azuis e cos negros e tamén coa ausencia de

luz, coas brétemas e co movemento. “Son fotografías pensadas para acompañar os textos e están en relación co que é a miña aposta dos últimos tempos, facer algo realista pero sempre con algún elemento que vai resultar sorprendente”.

A sorpresa vén dada pola súa mirada de estradas, paisaxes e casas pero tamén polo buscado—e conseguido—efecto pictórico, que está xa nas capturas orixinais, pois as imaxes non foron sometidas a ningún tratamento dixital.

Fotografías e poemas uníranse nunha edición de Bourel, empresa

que realiza libros artesanais, sempre cun elemento plástico que acompaña ós textos. Non haberá un libro igual a outro porque todos terán imaxes distintas. O traballo presentarase en Sargadelos a finais de mes, coincidindo co final da exposición.

Como preludio a este diálogo de poetas, na entrada á sala hai unha mostra de Josefina Pita. Baixo o título “Encontros” presenta sobre todo retratos e escenas familiares, cunha grande expresividade e un uso moi recha-